



**ORDENANZA FISCAL NÚMERO 8**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.**

**Artigo 1. - FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Rexime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.4 apartado r) do RD Lexislativo 002/2004 de 5 de Marzo, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa reguladora de saneamento e depuración de augas residuais, que se rexirá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

**Artigo 2. – FEITO IMPOÑIBLE**

Constitue o feito imponible da taxa:

A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizala acometida á rede de sumidoiros municipal.

A presentación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

O estudo dos vertidos líquidos para determinalas características da súa depuración.

Non estarán suxeitas á Taxa as fincas derrubadas, declaradas ruinosas ou que non teñan a condición de soar ou de terreo.

**Artigo 3. - SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan ocupantes ou usuarios das vivendas ou locais.

En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, quenes poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

**Artigo 4. - RESPONSABLES**

Responderán Solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refíren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades ou entidades en xeral, nos supostos e co alcance que seña o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5. - COTA TRIBUTARIA**

A) Polo servizo de rede de sumidoiros:

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros exigirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 14,68 euros

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos da rede de sumidoiros, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto, aplicarase o tipo do 21% sobre a facturación total da auga, impostos incluídos. Non se entenderá en ningún caso incluída en dita facturación, o importe correspondente ó prezo publico pola conservación de contadores, si existiere.

3. En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturable polo seu suministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible.



B) Polo Servizo de depuración de augas residuais

A cota tributaria a esixir pola depuración de augas residuais, será a resultante de aplicar o seguinte cadro:

USOS	Min.trimestral	CUOTA €/MES	€/m <sup>3</sup>
DOMÉSTICO	14 m3	1,49	0,22
HOSPEDAJES, ASILOS Y SANATORIOS	49 m3	2,48	0,30
HOSTELERÍA Y ALMACENES ALCOHOLES	32 m3	2,48	0,30
GARAJES, TALLERES E INST Y COLEGIOS	27 m3	2,48	0,30
FÁBRICAS, TINTORERÍAS, CINES Y TEATROS	42 m3	2,48	0,30
OBRAS, APARCAMIENTOS Y RIEGOS	49 m3	2,48	0,36
SIN AGUA DE LA RED MUNICIPAL	14 m3	1,49	0,22

**Artigo 6. -EXENCIONS E BONIFICACIONES**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente taxa.

**Artigo 7. - DEVENGO**

Devengarase a taxa pola prestación do servizo de saneamento e nace a obrigaón de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

Na data de presentación da oportuna solicitude da licenzia, si o suxeito pasivo a formulase expresamente.

Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da Taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenzia de acometida e sen perxuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais e da súa depuración teñen carácter obligatorio para todas as fincas do Concello que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectual acometida da rede.

**Artigo 8. - DECLARACIÓN E INGRESO**

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta ou baixa.

A inclusión inicial no censo farase de oficio, unha vez concedida a licenzia de acometida á rede.

As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recaudaránse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de suministro e consumo de auga.

No suposto de licenzia de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarase a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que señala o Regulamento Xeral de Recaudación.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 8 de maio de 2014 e modificada polo mesmo o 29 de decembro de 2015, entrará en vigor o día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 abril de 2016, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.